



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO, deputado e voceiro do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación presenta unha **MOCIÓN PARA A CREACIÓN DUNHA COMISIÓN DE INVESTIGACIÓN SOBRE IRREGULARIDADES NAS SUBVENCÍONS A AUTÓNOMOS E PEMES AFECTADOS POLA COVID-19**.

A Xunta de Goberno da Deputación de Ourense acordou o pasado 8 de maio, case dous meses despois da declaración do estado de alarma a causa da emerxencia sanitaria creada polo virus SARS-CoV-2, a aprobación de axudas para autónomos e pemes dos municipios de menos de 20.000 habitantes da provincia. O montante total de fondos ascende a 3.825.000 euros que se repartirán a través de subvencións directas de 600 euros para autónomos e ata 1.000 euros para pemes, por concorrencia segundo orde de rexistro das solicitudes e ata esgotar o crédito habilitado.

O seu obxectivo, segundo afirmou o goberno bipartito provincial, é “axudar aos autónomos que tivesen que acollerse ao cesamento de actividade como consecuencia da crise do coronavirus, e tamén ás pequenas empresas que sufrisen unha perda de facturación igual ou superior ao 50 %”.

Nos días previos á obrigada publicidade desta convocatoria a través do Boletín Oficial da Provincia (BOP), numerosos cargos públicos do PP de Ourense difundiron, a través de redes sociais, documentación reservada que forma parte da orde do día da Xunta de Goberno, así como información sobre prazo e procedemento para solicitar as axudas. En moitos casos esa información foi trasladada o día inmediatamente anterior á publicación do anuncio oficial no BOP, a través de perfís persoais e institucionais de Facebook ou de chats de Whatsapp como o dunha asociación comarcal de comerciantes.

Ademais, algunhas desas mensaxes sinalaban teléfonos persoais ou de concellos ofrecéndose a axudar aos interesados e interesadas na tramitación destas subvencións, no lugar de facer referencia aos servizos de información telefónica e en liña que a Deputación Provincial habilitou para esta convocatoria.

Este irregular proceder na publicidade provocou que unha inxente cantidade de afectados e afectadas confundira o comezo do cómputo do prazo, sendo centos as persoas físicas e xurídicas que procederon ao rexistro o 12 de maio, cando o prazo comezou realmente o mércores 13, un día despois da publicación no BOP. Tal e como sinala a Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, “os prazos expresados en días contaránse a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate”. Neste caso, ao ser o trámite de iniciación dun procedemento de concorrencia no que se poden causar prexuízos a terceiros, tampouco cabe acollerse á disposición da lei sobre rexistro electrónico na que se matiza que “a presentación nun día inhábil entenderase realizada na primeira hora do




Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345


primeiro día hábil seguinte salvo que unha norma permita expresamente a recepción en día inhábil”.

Ante estes feitos, o grupo provincial do PSdeG-PSOE reclamou á Deputación o número concreto de solicitudes rexistradas o día 12 de maio —fóra de prazo— e que, segundo a xefatura do Negociado de Información e Rexistro, ascende a 683 rexistros.

O propio espazo web informativo que a institución habilitou para este procedemento indicou erroneamente, durante toda a vixencia do período para concorrer ás subvencións, que o comezo do prazo para solicitar as axudas estendíase “do 12 maio ao 9 de xuño ambos inclusive”, cando a convocatoria publicada o día 12 no BOP contradí taxativamente esta afirmación ao determinar, na cláusula quinta, que o “prazo de presentación será de 20 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia”.



Captura realizada o día 9 de maio do espazo informativo sobre as subvencións na web da Deputación de Ourense



Extracto do BOP publicado o día 12 de maio

Resulta evidente que o rexistro anterior ou posterior ao prazo establecido nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, implica a inadmisión das solicitudes por teren sido formuladas extemporaneamente. Ademais, numerosa xurisprudencia detalla a nulidade de resolucións baseadas en solicitudes fóra do prazo. A pesar disto, o goberno bipartito xa abonou subvencións cuxa solicitude foi rexistrada o 12 de maio.

O sucedido con este procedemento supón unha evidente irregularidade e un importante risco para os afectados e afectadas pola pandemia, a causa dunha irresponsable xestión das subvencións por parte dos dirixentes políticos da Deputación posto que, ao ser cartos que



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

se conceden por concorrencia ata esgotar a partida económica, un eventual recurso doutro solicitante, pode provocar consecuencias xurídicas relevantes, así como a obriga de reintegro dos fondos percibidos. Segundo a información da que dispón este grupo político, xa hai interesados e interesadas que, de confirmarse estes feitos, presentarían recursos por ter sido incumplida a lexislación vixente.

A pesar de ser coñecedor deste problema, o goberno bipartito provincial de PP e DO seguiu adiante coa convocatoria coma se non houbera pasado nada, no lugar de buscar solucións efectivas que garantan seguridade xurídica plena aos solicitantes.

O artigo 6 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial determina que poderán constituírse comisións informativas especiais para o estudo de asuntos de carácter determinado. E asevera que, no suposto de tratarse de comisións de investigación, os empregados e empregadas ó servizo da Deputación e das súas entidades dependentes, así como os representantes das empresas concesionarias “estarán obrigados a comparecer ante estas comisións co obxecto de prestar declaración sobre o asunto”.

Ante a relevancia destes feitos, os socialistas consideramos necesario aclarar que sucedeu con esta convocatoria co fin de dirimir, no caso de existir, as responsabilidades políticas, e para artellar unha solución para afectados e afectados á maior brevidade posible.

Por todo o exposto, o grupo socialista presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

1. Instar á Deputación Provincial de Ourense á constitución dunha comisión de investigación, para dilucidar as responsabilidades políticas dos prexuízos causados ós afectados e afectadas polas irregularidades no procedemento de publicidade e concesión das subvencións da institución a pequenas empresas e autónomos afectados pola COVID-19.
2. Instar á Deputación Provincial de Ourense á execución inmediata dos mecanismos e trámites administrativos necesarios, para solventar os problemas ocasionados ós afectados e afectadas polas irregularidades no procedemento de publicidade e concesión das subvencións da institución a pequenas empresas e autónomos afectados pola COVID-19.

En Ourense, 12 de xuño de 2020.

Asinado: Rafael Rodríguez Villarino.

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE